- Darse por informada do seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado".
- Informar favorablemente a aprobación dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023.
- Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en xaneiro de 2022.
- Propor ao Pleno a aprobación das contas anuais do exercicio 2021 da Universidade de Vigo.
- Remitir informe favorable ao Pleno para a aprobación das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
- Remitir informe favorable ao Pleno para a aprobación das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA).
- Remitir informe favorable ao Pleno para a apro-

bación das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).

- Darse por informada do seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns das tres universidades".
- Informar favorablemente a cesión temporal de equipos de Omron á Universidade de Vigo.
- Informar favorablemente a aprobación inicial da creación e participación da UVigo no capital social da empresa SPARC, S.L., promovida por persoal investigador da propia institución.
- Informar favorablemente sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2022, orientado a facilitar o achegamento do estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
- Informar favorablemente sobre a presentación de solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlanTTic), consonte a normativa reguladora de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG.
- Aprobar os prezos públicos para o curso 2022/2023, por servizos administrativos e académicos que afectan a titulacións oficiais e ao alumnado visitante.
- Aprobar os prezos públicos dos Obradoiros que se desenvolverán no curso 2022/2023 nos tres campus da UVigo.
- Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en abril e maio de 2022.
- Elevar informe favorable ao Pleno sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2023.
- Elevar informe favorable ao Pleno para aprobar a proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2023.
- Aprobar para elevación ao Pleno o avance do orzamento do Consello Social para o exercicio de 2023.
- Informar favorablemente sobre a Oferta de Emprego Público do persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo para o ano 2022.
- Aprobar a adhesión da UVigo á Rede ANEXXI de universidades para a realización de traballos científicos e técnicos que posibiliten a elaboración e publicación do "Atlas Nacional de España del siglo XXI".
- Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en novembro de 2022.
- Aprobar a aceptación pola Universidade de Vigo da doazón de equipos informáticos para uso de estudantes.

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniuse no ano 2022 en tres ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 22 de febreiro, o 26 de abril e o 4 de outubro.

ACORDOS

- Aprobar unha achega ao proxecto Clean Energy Ship, promovido polo alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións para a fabricación dunha embarcación solar.
- Aprobar unha axuda para a recollida de datos e a elaboración dun Barómetro para coñecer a empregabilidade sostible dos estudantes de mestrados da Universidade de Vigo.
- Aprobar unha aportación ao Observatorio de Persoas Tituladas, para a edición dixital do terceiro e último informe sobre o impacto laboral da COVID nas persoas tituladas pola UVigo, durante 2021.
- Aprobar a renovación da asignación para o mantemento e a actualización de contidos da páxina web do Consello Social en 2022.
- Aprobar unha aportación ao Instituto de Estudos Vigueses para actividades a desenvolver en 2022.
- Conceder unha axuda á Asociación de estudantes das escolas de enxeñaría de Vigo e Ourense, para organizar o Foro Tecnolóxico de Emprego.
- Aprobar unha aportación á Delegación de alumnos de Química para organizar un ciclo de conferencias co obxectivo de visibilizar o protagonismo das mulleres no ámbito científico e abrir perspectivas laborais.
- Aprobar unha aportación á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para elaborar, con carácter urxente, un estudo sobre a inserción laboral dos titulados pola UVigo en Grao e Máster, para participar no QS University Ranking.
- Aprobar unha axuda para a petición de apoio ás actividades e iniciativas a desenvolver pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.
- Dar a súa conformidade á modificación parcial das Normas básicas para a concesión de axudas do Consello Social.
- Aprobar unha aportación para a organización da I Feira internacional EMPREGO in CAMPUS da UVigo, en colaboración coa Vicerreitoria de Captación de

Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

- Aprobar unha achega para a produción e distribución de material de acollida do alumnado da Universidade de Vigo no curso 2022/23, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relación Institucionais.
- Aprobar unha colaboración para achegar ao estudantado da Universidade de Vigo as habilidades de debate e oratoria, cara á organización en Vigo, e en alianza coa Liga española, do primeiro torneo de Debate universitario.
- Aprobar unha aportación para apoiar as xornadas internacionais "Xustiza e xénero", previstas no Campus de Ourense.
- Aprobar unha aportación para a edición e publicación do traballo "Ciudades educadoras", da pedagoga e doutora Laura López Atrio.
- Aprobar unha aportación á Asociación estudantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.
- Aprobar unha axuda para a difusión telemática de contido sobre a inserción dos titulados da Universidade de Vigo, dende o Observatorio de Persoas Tituladas.
- Aprobar a delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración para o curso 2022/2023, debendo dar conta da resolución na primeira reunión da comisión ou do pleno que se convoque.
- Aprobar, a petición da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, unha aportación para financiar unha enquisa sobre a inserción laboral dos egresados nas titulacións de Grao e Mestrado universitario, da promoción 2019/2020.
- Aprobar unha aportación para a actualización do estudo promovido polo Consello Social para medir o impacto e o retorno económico e social da actividade da Universidade de Vigo no territorio, en conxunto e en cada un dos tres campus.
- Aprobar o apoio económico que se solicita para a elaboración do Plan de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.
- Aprobar a participación do Consello Social na convocatoria "Ourense rural", promovida pola Universidade de Vigo para o curso 2022/2023 no Campus de Ourense.
- Aprobar unha asignación do Consello Social para a promoción e difusión das VIII Xornadas de automatización industrial (JAI 2022), organizadas pola Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo.
- Aprobar unha aportación ao grupo de investigación HI19 da Universidade de Vigo, para a organización da International Workshop "Advancing code-switching research", na Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Aprobar unha axuda para levar a cabo as Xornadas "O entorno dixital e a cooperación entre administracións tributarias".
- Aprobar unha axuda para a celebración do "I Ciclo de conferencias de métodos e técnicas de investigación cualitativa en Ciencias Sociais".
- Aprobar unha contribución para a organización das "IX Xornadas sobre cuestións prácticas do proceso civil", previstas en Vigo.
- Aprobar unha aportación á Delegación do alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial, para reunir en Vigo ao Congreso estatal da Asociación de representantes de alumnos de enxeñarías.
- Aprobar unha axuda para colaborar no patrocinio da undécima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.
- Aprobar as tarifas por actividades deportivas na Universidade de Vigo, exencións e descontos, para o curso 2022-2023.
- Aprobar a modificación dos prezos de matrícula do curso de formación universitaria "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral".

ORZAMENTOS PARA 2023

O MODELO ESTÁ A MUDAR

I. NORMATIVA

A) Nacional:

A recentemente publicada Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario establece no seu artigo 47. El Consello Social o seguinte:

> *4. Para o axeitado cumprimento das súas funcións, o Consello Social disporá dunha organización de apoio con recursos suficientes. A lei que estableza a súa composición e funcionamento poderá contemplar a dotación dun orzamento propio do Consello Social, así como a súa xestión económico-orzamentaria con carácter autónomo.*

B) Autonómica

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia sinala no artigo 86.1) que *o Consello Social xestionará a súa partida orzamentaria específica, que guiará dentro dos orzamentos da universidade, e nela garantirase en todo caso a suficiencia dos recursos asignados par o cumprimento das súas funcións. Para estes efectos, o plan de financiamento das universidades do SUG establecerá unha dotación económica nominativa.* O artigo 86.2) recolle que *cada universidade garantirá que o seu Consello Social dispoña do persoal de administración*

e servicios axeitado para o seu funcionamento, e establecerá, en todo caso, a figura do secretario ou da secretaria do Consello Social.

O Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 estrutúrase do seguinte xeito:

CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG (4)	Contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de: - Centros asociados da UNED en Galicia - Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG) - Consellos sociais

C) Propia

Tamén o Regulamento de organización e funcionamento do CS contempla ás seguintes disposicións ó respecto:

Artigo 31.1) O Consello Social disporá anualmente do seu propio orzamento incluído no proxecto de orzamentos da UVigo nunha partida específica. Este comprenderá o crédito preciso para atender as necesidades de persoal e os medios materiais que demande o correcto funcionamento dos seus servizos.

Artigo 31.2) O Pleno, tras proposta da presidencia, coñecerá o orzamento do CS e a súa posterior liquidación.

Artigo 31.3) O CS terá independencia para xestionar os seus recursos económicos.

Asemade, o artigo 32 incide na conformación e nomeamento da estructura administrativa do Consello Social, a independencia organizativa e a posibilidade de contar con asesoramento externo de expertos ou profesionais, con cargo ó seu orzamento, así como a obriga das infraestuturas técnicas e organizativas da UVigo de prestarlle asistencia, apoio e información.



O orzamento do Consello Social permanece invariable os últimos exercicios, se ben sigue a ser o máis elevado do SVG. Na imaxe, asistentes ao pleno convocado en Ourense.

II. PREVISIÓNS E OBXECTIVOS

O orzamento do Consello Social para 2023 mantense en 367.850 euros por decimoprimeiro exercicio consecutivo. Os ingresos proceden da aportación da Xunta de Galicia (200.000 euros), dentro do seu compromiso dos Consellos Sociais das tres universidades galegas, e da Universidade de Vigo que cubre a cantidade restante.

En cada exercicio incorpórase a maiores ó orzamento do CS unha partida da Conferencia de Consellos Sociais de España, en cantidades que varían segundo as actividades desenvolvidas conxuntamente, e que para o vindeiro exercicio se prevé que oscile entre os 10.000 e os 12.000 euros, para a organización en Vigo dunhas Xornadas da Conferencia de Consellos Sociais de España (CCS), previstas para o mes de abril.

No apartado de gastos, con respecto a 2021, rexístrase un transvase de recursos (25.000 euros) que pasan do capítulo 4 ó capítulo 2, para atender iniciativas referidas a egresados, alumnos procedentes doutros países e apertura de foros de coñecemento cara á sociedade, así como necesidades dos estudantes nun contexto que continua a ser excepcionalmente adverso. As partidas principais siguen a ser Estudos e traballos técnicos, con especial atención ós estudos e enquisas periódicas sobre os egresados da UVigo en todo o mundo, para coñecer a súa situación laboral, profesional e persoal. Tamén para atender iniciativas de consolidación e dinamización da Comunidade Alumni.

Outra partida destacada é a de Cursos, conferencias e seminarios (para atender os patrocinios e axudas a actividades que conectan a universidade ca sociedade). Con carácter xeral, aprécianse variacións nas partidas Atencións protocolarias (que segue a descender) e Edicións e publicacións (que sube lixeiramente).

A maior parte do gasto materialízase nos acordos adoptados pola Comisión de Actividades e Servicios, que en 2022 concedeu axudas por importe de 228.498 euros (por encima del 60% del total), para iniciativas orientadas a apoiar a visibilización da universidade e mesmo a transferencia de coñecemento, as iniciativas e proxectos desenvolvidos polos estudantes e as aportacións a traballos e convocatorias vencelladas á Transparencia e á responsabilidade social.

III. OS DATOS, EN CONTEXTO

Respecto ao orzamento da UVigo para 2022 representou unha porcentaxe do 0,184%. Para 2020 este indicador baixou ó 0,188%, a causa do histórico incremento orzamentario da universidade nese exercicio. En 2021 situouse no 0,198%, e nese mesmo ano, o caso do Consello Social de Santiago representou un 0,079%, e en A Coruña foi do 0,152%. Nestes dous Consellos, os recursos proceden exclusivamente da Xunta de Galicia. A estimación para 2023 sitúa o orzamento do Consello Social nun 0,161% respecto ó da Uvigo.

IV. PECHE ANUAL E MEDIOS

No tocante o peche orzamentario do Consello Social, 2019 rematou con un nivel de execución do 88,3%. Os anos posteriores víronse afectados pola situación xeral debido a paralización de actividades e a suspensión dalgunhas axudas a actividades que non se poideron levar a cabo. A liquidación do exercicio 2022 mostra que a execución deste último exercicio acadou o 82,27% deixando sen executar a cifra de 65.207,43 euros. Esta cifra que supón un 17,73% non se puido executar debido ao axuste de determinados gastos correntes e as datas de peche que implican que parte do gasto previsto para o peche do exercicio 2022 se impute ao orzamento 2023.

Para exercer as funcións, competencias e cometidos que ten encomendadas o CS, o orzamento correspondese co desenvolvemento dos principais eixos recollidos no Plan de actuacións para 2023, abrindo liñas de colaboración, cooperación, interlocución, achegamento e difusión, principalmente con colectivos sociais, estudiantís, empresariais, egresados, investigadores, profesionais e ca actividade da comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto.

Co orzamento que se presenta, o Consello Social desenvolve a súa labor con picos de acusada insuficiencia de persoal, que se producen cada ano en períodos máis longos do exercicio, polo que se están a manter xestións e conversacións para adaptar os recursos as novas necesidades do día a día.

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONSELLO SOCIAL: EXERCICIO 2022		
CRÉDITO INICIAL	**367.850,00 €**	
Modificacións de créditos positivas	0,00 €	
Modificacións de créditos negativas	0,00 €	
CRÉDITO DEFINITIVO	**367.850,00 €**	
Saldo Obrigacións recoñecidas (O)	286.069,00 €	77,77%
Saldo Créditos Comprometidos (AD)	16.573,52 €	4,51%
Saldo Créditos Retidos (RC)	0,00 €	0,00%
CRÉDITO DISPOÑIBLE	**65.207,43 €**	**17,73%**
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	**302.642,57**	**82,27%**

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS

CONVOCATORIAS OFICIAIS. CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS.

XORNADAS DE PRESIDENTES E SECRETARIOS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

XORNADAS EN GRAN CANARIA. 7-8 DE XULLO

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade das Palmas de Gran Canaria, celebradas en Maspalomas, coa colaboración da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, ás que asistiron o presidente e o secretario do Consello Social da Universidade de Vigo.

Programa do curso "Fondos Next Generation UE para la recuperación europea y medidas para la detección del fraude ligadas a su recepción: una obligación para las universidades públicas":

XOVES 7

15:30h Recepción dos participantes.

16:00h Apertura das xornadas.

Ángel Tristán Pimienta, Presidente do Consello Social da ULPGC.

Lluís Serra Majem, Reitor Magnífico da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Antonio Abril Abadín, Presidente da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.



Imaxe dunha das sesións convocados en Las Palmas para abordar a incidencia dos fondos Next Generation nas universidades.

Luis Antonio Padua Ortiz de Mendívil Zorrilla, Excmo. Sr. Conselleiro do Tribunal de Contas para a fiscalización das Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas, así como das entidades do sector público autonómico.

Pedro Pacheco González, Excmo. Sr. Presidente da Audiencia de Contas de Canarias.

Manuel Ramírez Sánchez, Ilmo. Sr. Director Xeral de Universidades do Goberno de Canarias.

María Elena Espino Santana, Ilma. Sra. Concelleira de Cultura, Patrimonio Histórico e Desenvolvemento Local do Concello de San Bartolomé de Tirajana.

16:30h O Tribunal de Contas e o control dos fondos de recuperación nas universidades españolas.

Luis Antonio Padua Ortiz de Mendívil Zorrilla, Excmo. Sr. Conselleiro do Tribunal de Contas para a fiscalización das Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas, así como das entidades do sector público autonómico.

*Presenta: **Antonio Abril Abadín**, Presidente da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.*

17:00h Fondos europeos e desafíos para o Sistema Universitario Español (SUE).

Teresa Riesgo Alcaide, Ilma. Sra. Secretaria Xeral de Innovación do Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España.

José Manuel Pingarrón Carrazón, Ilmo. Sr. Secretario Xeral de Universidades do Ministerio de Universidades do Goberno de España.

Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

*Presenta e modera: **Manuel Ramírez Sánchez**, Ilmo. Sr. Director Xeral de Universidades do Goberno de Canarias.*

18:45h Canarias Importa, un modelo para planificar o uso dos fondos europeos en Canarias.

Francisco Rubio Royo, Reitor Honorario da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria e coordinador do Proxecto Canarias Importa por encargo do Consello Social da ULPGC.

Edu William Secin, empresario, director de Canarias Living Lab e Profesor Asociado Doctor da ULPGC.

*Presenta e modera: **Jesús León Lima**, Expresidente do Consello Social da ULPGC.*

19:45h Fin da sesión.

VENRES 8

09:00h O papel do control externo na prevención e detección do fraude.

Roberto Fernández Llera, Excmo. Sr. Síndico Maior da Sindicatura de Contas do Principado de Asturias.

Alfonso Peña Ochoa, Excmo. Sr. Presidente da Cámara de Contas de Aragón.

Simón Rego Vilar, Excmo. Sr. Conselleiro do Área de Corporacións do Consello de Contas de Galicia.

*Presenta e modera: **Pedro Pacheco González**, Excmo. Sr. Presidente da Audiencia de Contas de Canarias.*

11:00h O papel do control interno na prevención e detección do fraude.

Alberto Gil Costa, Xerente da Universidade de Zaragoza.

Roberto Moreno Díaz, Xerente da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Alberto Tejero Navarro, Vice-xerente de Organización da Universidade de Cádiz.

*Presenta e modera: **Miguel Ángel Acosta Rodríguez**, Secretario do Consello Social da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria e Secretario Xeral da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.*

12:00h Radiografía do control interno das universidades públicas españolas a través dos informes das Institucións de Control Externo.

Miguel Ángel Acosta Rodríguez, Secretario Xeral da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Pilar Muñoz Martínez, Directora Técnica Operativa da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.

*Presenta: **José Carlos Naranjo Sintes**, Vicepresidente do Consello Social da ULPGC, expresidente da Audiencia de Contas de Canarias (1995-2001) e Conselleiro-Auditor da Audiencia de Contas de Canarias (1992-2018).*

13:00h Utilización dos fondos de recuperación para un novo modelo de cohesión social en Europa.

Juan Ignacio González Bastero, Principal Manager. European Court of Auditors.

*Presenta: **Luis Javier Cepedano Valdeón**, Presidente do Consello Social da Universidade de León e Presidente da Comisión Económica da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.*

13:45h Clausura das Xornadas.

Ángel Tristán Pimienta, Presidente do Consello Social da ULPGC.

Lluís Serra Majem, Reitor Magnífico da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Antonio Abril Abadín, Presidente da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Manuel Ramírez Sánchez, Ilmo. Sr. Director Xeral de Universidades do Goberno de Canarias.

Concepción Narváez Vega, Ilma. Sra. Alcaldesa de San Bartolomé de Tirajana.

XORNADAS EN PAMPLONA. 25-26 DE OUTUBRO.

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade Pública de Navarra, celebradas en Pamplona, coa colaboración da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, ás que asistiron o presi-

dente –como conferenciante– e o secretario do Consello Social da Universidade de Vigo.

Programa das xornadas "Diálogos sobre futuro, talento y desarrollo: el Consejo Social y la apertura de la universidad al entorno":

25 DE OUTUBRO, MARTES

15.30h Recepción de asistentes.

15.40h Apertura das xornadas.

Juan Cruz Cigudosa García, Conselleiro de Universidade, Innovación e Transformación Dixital, Goberno de Navarra.

Ramón Gonzalo García, Reitor, Universidade Pública de Navarra.

Antonio Abril Abadín, Presidente, Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Javier Vidorreta Salillas, Presidente, Consello Social, Universidade Pública de Navarra.

16.00h Ponencia.

Daniel Innerarity Grau, Ikerbasque, UPV/EHU, Globernance. Chair AI&DEM STG European University Institute Florence.

16.15h A xestión polos Consellos Sociais das relacións Universidade Sociedade: algúns modelos.

*Modera: **Concepción Yoldi García**, Vicepresidenta, Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.*

Antonio Abril Abadín, Presidente do Consello Social, Universidade da Coruña.

Antonio Huertas Mejías, Presidente do Consello Social, Universidade de Extremadura.

Montserrat Guàrdia Güell, Presidenta do Consell Social, Universitat Politècnica de Catalunya.

Francisco Rubio Royo, Reitor Honorario, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Javier Vidorreta Salillas, Presidente do Consello Social, Universidade Pública de Navarra.

18.15h Mesas de traballo.

Os graos e mestrados duais.

*Modera: **Juan Carlos Tejeda Hisado**, Director do Departamento de Educación e Formación na CEOE.*

Erlantz Allur Aramburu, Directora de Prácticas, Formación Dual y Empleabilidad, Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea.

Javier Iradiel Ibañez, Responsable de Proxectos, Confederación Empresarial Navarra.

Alberto Lalana Esain, Responsable de Formación y Desarrollo, Volkswagen Navarra.

Comunicación e relacións institucionais.

*Modera: **Miguel Moreno Ariztegui**, Director Xeral de Comunicación e Relacións Institucionais, Goberno de Navarra.*

Teresa Herrera Vidarte, Delegada territorial en Huelva de Turismo, Cultura y Deporte, Vocal do Consello Social, Universidade de Huelva.

Ernesto Pedrosa Silva, Presidente do Consello Social, Universidade de Vigo.

Ladislao de Arriba Azcona, antigo Presidente do Consello Social, Universidade de Oviedo, Presidente de Estudio de Comunicación.

Conexión da Universidade coa Educación Básica e a Formación Profesional.

*Modera: **Manuel Martín Iglesias**, Presidente do Consello Escolar de Navarra.*

David Benito Pertusa, Director do Centro Superior de Innovación Educativa, Universidade Pública de Navarra.

Sonia Moncalvillo Coracho, Directora, Instituto de FP EL ZOCO de Córdoba.

Boris Mir Pons, Director, La mirada pedagógica.

19.30h Fin da sesión.

26 DE OUTUBRO, MÉRCORES

9.00h Mesas de traballo.

A creación de cátedras de empresa e institucionais.

*Modera: **Javier Fernández Valdivielso**, Director Xeral, Fundación Caja Navarra.*

Mariano Casanova Navarro, secretario do Consello Social, Universitat Politècnica de Valencia.

Miguel Ángel Acosta Rodríguez, Secretario do Consello Social, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Joaquín Pérez Vázquez y **José María Gómez Gras**, Presidente e Secretario do Consello Social, Universidade Miguel Hernández.

A adaptación da oferta formativa á necesidade do entorno.

*Modera: **Ana Burusco Juandeaburre**, Directora Xeral de Universidades, Goberno de Navarra.*

Inmaculada Farran Blanch, Vicerreitora de Ensinos, Universidade Pública de Navarra.

Enrique Fernández Redondo, Delegado do Reitor no Grupo Educativo Nebrija.

María Villarroya Gaudó, Directora do Secretariado de Internacionalización, Universidade de Zaragoza.

Transferencia de tecnoloxía ás empresas e impulso de spinoffs.

*Modera: **Fermín Albadalejo Cabada**, presidente de CEAJE.*

María Zubeldía Díaz, Director Entrepreneurship Centre, University of Oxford.

Fernando Chacón Giménez, Vocal-Secretario do Consello Social, Universidade de Córdoba.

Ángela González Moreno, Vicerreitora de Innovación, Emprego e Emprendemento, Universidade de Castilla La Mancha.

10.30h Intervención en remoto do Ministro de Universidades, Joan Subirats Humet.

*Modera: **Julio Lage González**, Presidente, Comisión de Transferencia e Relacións coa Sociedade da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades españolas.*

11.00h Traslado ao pavillón Navarra Arena.

12.00h O Mundo que ven V.

*Apertura: **Javier Vidorreta Salillas**, Presidente do Consello Social da Universidade Pública de Navarra.*

*Presenta e modera: **Joaquín Sevilla Moroder**, Director da Cátedra Laboral Kutxa de divulgación do coñecemento e cultura científica, Universidade Pública de Navarra.*

XORNADAS EN SEVILLA. 24-25 DE NOVEMBRO.

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade Pablo de Olavide de Sevilla, celebradas en Sevilla, coa colaboración da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, ás que asistiu o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo.

Programa das xornadas "La cooperación universidad-empresa y la transferencia de conocimientos":

24 DE NOVEMBRO

16:30h Inauguración

Francisco Oliva Blázquez. Reitor da Universidade Pablo de Olavide.

José Carlos Gómez Villamandos, Conselleiro de Universidade, Investigación e Innovación da Junta de Andalucía.

Concepción Yoldi García. Vicepresidenta da Conferencia de Consellos Sociais de Universidades Españolas e Presidenta do Consello Social da Universidade de Sevilla.

Rocío Reinoso Cuevas. Presidenta do Consello Social da Universidade Pablo de Olavide e Presidenta do Foro Andalucía de Consellos Sociais.

17:15h Conferencia Inaugural:

O impacto da cooperación universidade-empresa na sociedade actual.

Ponente: **José Daniel Barquero Cabrero**. CEO Strategic Economic Relations – SER. Catedrático en Economía e Empresa. Doutor en C.C. Económicas, C.C. Sociales y Jurídicas. Académico de Número das Reales Academias RACEF e RAED.

*Presenta: **Rocío Reinoso Cuevas**. Presidenta Foro dos Consellos Sociais de Universidades Públicas de Andalucía e Presidenta do Consello Social da Universidade Pablo de Olavide.*

18:15 a 19:45 Ponencias.

25 DE NOVEMBRO

09:30h Mesa Redonda:

¿Cómo dar un salto de calidad en materia de cooperación universidade-empresa y transferencia en España?.

*Presenta e modera: **Francisco Muñoz Usano**. Presidente do Consello Social da Universidade de Córdoba. Vicepresidente do Foro dos Consellos Sociais de Universidades Públicas de Andalucía.*

Participantes: **Víctor A. Bañuls Silvera**. Catedrático do Departamento de Organización de Empresas e marketing, Área de Organización de Empresas, da Universidade Pablo de Olavide.

Rosario Jiménez Rodríguez. Directora Técnica da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) na Universidade Pablo de Olavide.

Laura Lechuga Gómez. Profesora de Investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). É líder do grupo de Nanobiosensores e Aplicacións Bioanalíticas do Instituto Catalán de Nanociencia e Nanotecnoloxía (ICN2).

Manuel J. Muñoz Ruíz. Profesor Titular de Universidade do Departamento de Bioloxía Molecular e Enxeñaría Bioquímica, da Área de Xénetica da Universidade Pablo de Olavide.

11:30h Mesa Redonda:

Cooperación universidad-empresa.

Presenta e modera: Rafael Cremades Morales. Conseeiro-secretario do Consello Social da Universidade Pablo de Olavide, de Sevilla.

Participantes: **Belén Díaz Díaz**. Directora Académica de Santander Financial Institute (SANFI) e Profesora Titular de Economía Financiera. Universidade de Cantabria.

*Presenta e modera: **Joan Corominas Guerin**. Presidente do Consello Social da Universidade de Barcelona.*

A contribución social universidade-empresa desde un punto de vista global.

Ponente: **Alep Blancas**. Consultora en Innovative Futures Institute e UNESCO IESALC.

A cooperación universidade-empresa en España en perspectiva comparada con Europa.

Ponente: **Cecilia Kindelán**. Doutora en Comunicación. Licenciada en Periodismo y en Dereito. Máster en Comunicación Corporativa e Máster en Comunicación e Arte. Profesora de ESIC Marketing & Business School.

Os indicadores de investigación e de transferencia de coñecementos en España á luz dos informes da Fundación CYD.

Ponente: **Martí Parellada**. Catedrático emérito da Universidade de Barcelona e asesor da Fundación CYD.

Miguel Rus Palacios. Presidente da Confederación de Empresarios de Sevilla.

Rafael Sánchez Durán. Director General de Endesa en Andalucía, Extremadura, Ceuta y Melilla.

Joaquín Segovia Alonso. Director Territorio Sur en Telefónica.

13:00h Clausura.

Francisco Oliva Blázquez, Reitor da Universidade Pablo de Olavide.

Antonio Abril Abadín. Presidente Conferencia de Consellos Sociais de Universidades Españolas e Presidente do Consello Social da Universidade de A Coruña.

Rocío Reinoso Cuevas. Presidenta do Consello Social da Universidade Pablo de Olavide e Presidenta do Foro Andalucía de Consellos Sociais.

ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CCSU

Asembleas Xerais da Asociación Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, con asistencia de representación do Consello Social da UVigo e nas que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

25 de febreiro, de carácter extraordinario:

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu de xeito presencial e o secretario participou a través de videoconferencia:

- *Presentación de la Memoria de Gestión de la CCS 2018-21.*
- *Constitución de la Mesa Electoral contemplada en el artículo 10.1 de las Normas Electorales para la elección del Presidente, Vicepresidentes y resto del Comité Ejecutivo de la Conferencia.*
- *Acuerdos que procedan en torno a la elección del Presidente, Vicepresidentes y resto del Comité Ejecutivo de la Conferencia.*
- *Intervención del presidente electo.*
- *Informe sobre el anteproyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario.*
- *Informe sobre el anteproyecto de Ley por la que se modica la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación.*



Asistentes a reunión da Conferencia convocada en febreiro.

28 de setembro, de carácter extraordinario:

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu de xeito presencial:

- *Informe sobre la tramitación parlamentaria del proyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario (LOSU). Acuerdos que procedan.*

15 de decembro, de carácter ordinario:

O secretario asistiu de xeito presencial:

- *Informe sobre la tramitación parlamentaria del pro-*

yecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario (LOSU). Acuerdos que procedan.

- *Presentación y aprobación, si procede, del presupuesto de la Conferencia para el ejercicio económico 2023.*

COMISIÓN ACADÉMICA DA CCS

O presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á reunión celebrada o 16 de novembro, na que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Acuerdos que procedan en torno a la rama de un convenio a suscribir entre REDFUE y la CCS para la realización de un análisis de las competencias más demandadas.*
- *Presentación, por el director de la AQU de Catalunya Dr. Jaume Valls Pasola, de los estudios que aportan información al sistema universitario sobre la adecuación de la formación universitaria a las demandas del mercado laboral: estudio sobre la inserción laboral de los titulados y estudios de opinión de los empleadores.*
- *Análisis del proyecto de Ley relacionado con el estatuto del becario (Estatuto de las personas en formación práctica en el ámbito de la empresa) a cargo de la directora de relaciones laborales de CEOE, doña Rosa Santos.*

COMISIÓN ECONÓMICA DA CCS

O presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás seguintes reunións nas que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

22 de xuño, presencial:

- *Informe sobre las Cuentas Anuales de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas correspondiente al ejercicio económico 2021. Acuerdos que procedan.*
- *Informe sobre los aspectos de índole económico contemplados en el anteproyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario.*

15 de novembro, presencial:

- *Seguimiento de las cuentas de la CCS correspondientes al ejercicio económico corriente.*
- *Presentación del Presupuesto de la Conferencia de Consejos Sociales para el ejercicio económico 2023. Acuerdos que procedan.*
- *Informe sobre los aspectos de índole económico contemplados en el proyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario y enmiendas presentadas por los grupos parlamentarios.*



Vista da reunión da Comisión económica celebrada en xuño.

XORNADA TÉCNICA DE SECRETARIOS DA CCS

O secretario do Consello Social, **Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiu á Xornada técnica de secretarios de Consellos Sociais celebrada os días 26 e 27 de maio en Valencia.

26 de maio

Comisión Sectorial de secretarios de Consejos Sociales

Celebrouse o **Pleno da Comisión sectorial de secretarios**, no que se trataron, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Informe de la Presidenta de la Comisión de Secretarios.*
- *Informe del Secretario General de la Conferencia.*
- *Elecciones a la Presidencia y al Comité Ejecutivo de la Comisión de Secretarios de Consejos Sociales.*

27 de maio

Plan antifraude para las universidades.

Manuel Pérez Fabra, Director del Gabinete de Auditoría y Control Interno de la Universidad de Cádiz.

Beatriz Montes Sebastián, Letrada de la Universitat Politècnica de València.

Antonio Arias Rodríguez, Jefe del Servicio de Organización Administrativa de Universidad de Oviedo.

Buenas prácticas en las relaciones Universidad-Empresa. El caso de la Fundación ADEIT.

Juan Manuel Penín López-Terradas, Director Gerente de la Fundación Universidad Empresa de la Universitat de València (ADEIT).

CONSELLO ASESOR DA FEDERACIÓN ALUMNI-ESPAÑA



Ernesto Pedrosa, durante unha ponencia presentada na reunión da Federación Alumni-España, sobre comunicación, universidade e antigos alumnos.

O presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á reunión celebrada o 18 de outubro no salón de actos da Facultade de Educación da UNED en Madrid, na que se trataron, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Informe del presidente de la Federación ALUMNI ESPAÑA.*
- *Informe del presidente del Consejo Asesor.*
- *Propuestas y recomendaciones del Consejo Asesor para la Federación ALUMNI ESPAÑA.*
- *El papel que juega Alumni en la ley universitaria.*

CONVOCATORIAS OFICIAIS. GALICIA

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás sesións do Pleno do Consello Galego de Universidades nas que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

8 de febreiro

- Asuntos para coñecemento:
  - *Normativa publicada.*
  - *Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.*
- Informe sobre a proposta de revogación de titulacións oficiais de grao, máster universitario e programas de doutoramento nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no curso 2021/22.
- Informe sobre o cambio de denominación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo por Facultade de Comercio.
- Informe sobre a creación de centros na Universidade de Vigo: Facultade de Deseño, Facultade de Relacións Internacionais e Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- Informe sobre a desadscrición do centro IESIDE da Universidade de Vigo.
- Informe sobre a creación de centros na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE): Facultade de Administración de Empresas e Dereito e Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial.
- Informes sobre a aprobación de centros de investigación no Sistema universitario de Galicia: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da UDC e Centro en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC.
- Informe de designación de representantes das universidades públicas do SUG, no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) e no Consello da Cultura Galega.
- Información sobre as propostas de titulacións presentadas na SXU para envío a verificación.

10 de xuño

- Asuntos para coñecemento:
  - *Normativa publicada.*
  - *Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.*
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2022/23.
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se autoriza o inicio de actividades, a desadscrición de IESIDE da Universidade de Vigo, a creación da Facultade de Administración de Empresas e Dereito e a Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial e a aprobación das normas de organización e funcionamento da UIE.
- Informe sobre autorización de implantación de ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, nas universidades públicas e privadas, para o curso 2022/23.
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se procede ao cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.
- Informe sobre o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da ACSUG.

- Informe sobre a designación de representantes das universidades públicas de Galicia nos seguintes órganos:

13 de decembro

- Asuntos para coñecemento:
  - *Normativa publicada.*
  - *Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.*
- Informe sobre a proposta de revogación de titulacións oficiais de grao e máster universitario nas universidades da Coruña e Santiago de Compostela no curso 2022-2023.
- Informe sobre o cambio de denominación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.
- Informe sobre a aprobación de Centros de Investigación do Sistema universitario de Galicia de acordo co procedemento xeral previsto na Orde do 26 de marzo de 2021 pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia:
  - *UDC- Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais (CITENI).*
  - *USC- Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS).*
  - *USC- Instituto de Materiais (IMATUS).*
- 6. Informe sobre a aprobación de Centros de Investigación do sistema universitario de Galicia de acordo co procedemento sinalado na disposición transitoria única da Orde de 26 de marzo de 2021 pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia:
  - *Axencia Galega de Innovación.*
  - *Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.*
  - *Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.*
  - *USC.- Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS).*
  - *USC.- Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS).*
  - *USC.- Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS).*
  - *UVigo.- Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO).*
  - *UVigo.- Centro de Investigación Mariña (CIM).*
  - *UVigo.- Centro de Investigacións en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic).*
- Información sobre as propostas de titulacións presentadas na SXU para envío a verificación.
- Información sobre a incorporación dun modelo de formación dual no Sistema universitario de Galicia.

CONSELLO REITOR DO CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás seguintes reunións do Consello Reitor da ACSUG nas que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

19 de xullo

- Cambio da sede social.
- Convenios con outras institucións.
- Cesión do inmobilizado da sede de Lamas de Abade.
- Asuntos económicos:
  - *Contas anuais do exercicio 2021.*
  - *Inventario do inmobilizado a 31.12.2021.*

- *Anteproxecto de orzamentos do exercicio 2023 (PAIF).*
- *Sistema de Xestión Interno:*
- *Informe anual de 2021 de revisión do Sistema de Xestión.*
- *Resumo do Sistema de Xestión do primeiro semestre de 2022.*

22 de decembro

- Nomeamento/renovación de membros dos órganos colexiados.
- Convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021.
- Convenios con outras institucións.
- Planificación de actividades 2023.
- Proxecto de orzamentos do exercicio 2023 (PAIF).
- Honorarios dos membros dos Comités de Asesores Externos.
- Resumo do Sistema de Xestión do segundo semestre de 2022.

CONVOCATORIAS OFICIAIS. VIGO

PADROADO DA FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO - FUVI

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, participou nas seguintes xuntanzas do Padroado da Fundación da Universidade de Vigo, para abordar os seguintes asuntos, entre outros:

13 de setembro

- Cese e aceptación de patróns natos da fundación.
- Aprobación, se procede, da proposta de outorgamento e delegación de poderes da Fundación.
- Informe da dirección: encargos de xestión; doazóns; oferta académica do CdL; outras xestións e actividades.
- Informe, e validación no seu caso, de actuacións en materia laboral: convocatoria de profesorado de español; bolsa área de imaxe; actuacións en relación á inadmisión do recurso de casación do persoal de comunicación; baixas persoal de prácticas e administración e outros asuntos ordinarios.

RESUMO DE ACTIVIDADES
ASISTENCIA A OUTROS ACTOS



As vicerreitoras Belén Rubio, Mónica Valderrama e Natalia Caparrini, Ernesto Pedrosa e o reitor Manuel Reigosa.

28.01.2022 O presidente asistiu ao acto académico da festividade de San Tomé de Aquino, no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo.

18.02.2022 O presidente estivo no acto da firma do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia, en Santiago de Compostela.

01.03.2022 O presidente asistiu á entrega dos Premios Fin de Carreira de Galicia na Cidade da Cultura, Santiago de Compostela.

09.03.2022 O presidente asistiu á clausura da Xornada "Empresa-universidade: creatividade e comunicación", na Casa das Campás, e posteriormente reuniuse co vicerreitor do Campus de Pontevedra,

en relación á colaboración do Consello Social para 2022.

10.03.2022 O presidente asistiu á Entrega de premios con motivo do "XXV Premio Xove Empresarix do ano", no Pazo Castriño de Vilagarcía de Arousa.

17.03.2022 O presidente asistiu na Casa das Campás a unha rolda de prensa para presentar a colaboración do Consello Social coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra para 2022. Ante os medios, Ernesto Pedrosa suliñou que...*"los Consejos Sociales hemos constatado que tenemos un déficit de conocimiento y de reconocimiento en la comunidad universitaria y en la sociedad en general. Tenemos que ser capaces de corregirlo. Y alinearnos en el objetivo de fomentar el interés, el valor social y los mecanismos necesarios para que la investigación y el conocimiento que produce la universidad se transforme en economía productiva.*



O presidente do CS, co vicerreitor do Campus de Pontevedra, Jorge Soto.

Para ello nos parece esencial garantizar el compromiso político de mantener y estabilizar los recursos a lo largo del tiempo y participar en los esfuerzos por difundir una cultura de innovación en todas las capas de la sociedad, desarrollar un plan detallado que cuente con el amplio apoyo de todos los agentes del sistema de ciencia e innovación, así como de la sociedad civil, sobre el papel que la ciencia, la tecnología y la innovación deben desempeñar en el medio-largo plazo, y asegurar una mayor apertura a las influencias externas independientes en la forma en que se definen las estrategias, se gobiernan las organizaciones públicas, se identifican las oportunidades de mejora y se evalúa el sistema.

Por eso estamos hoy aquí, y por eso creo que es tan importante estar hoy aquí y la causa que nos convoca. Porque demuestra que la UVigo da pasos hacia donde debe y los da con sentido. Y este Campus muy especialmente. Y lo hace sobre terreno ya abonado y ventajoso. Porque cerró 2021 con 17,4 millones de euros captados para investigar, y la transferencia de conocimiento le reportó una cifra récord de 6,5 millones de euros mediante contratos, informes y cursos, con la empresa privada liderando la demanda...

Son solo dos cifras, pero reflejan la vitalidad, la competencia y el buen viento en que se mueve la institución universitaria. Y en esa dirección, este Campus tiene el mayor recorrido y las mejores perspectivas por delante. Porque hoy presenta su oferta, pero también porque está gobernado por esa filosofía que Plutarco resumió, hace casi dos mil años, en que los alumnos no son contenedores para llenar, sino fuegos por encender. Y así les enseña y así les trata.

Con todo lo dicho, solo pretendo hacerles partícipes de la transcendencia del acto que nos reúne hoy. Tenemos la fortuna de que esta ciudad y este Campus segregan afectos recíprocos de forma continua, y comparten estrategias de modo natural. Ya he dicho en alguna ocasión que juntas son un motor de crecimiento insustituible e inmejorable"...

22.03.2022 O presidente asistiu ao Acto de Toma de posesión como reitor da Universidade de Santiago de Compostela de Antonio López Díaz e do seu equipo.

23.03.2022 O presidente asistiu ao Ciclo de conferencias 2021/2022 da Cátedra "Almirante Álvarez-Ossorio" co título "Un camiño a Galicia" impartida polo vicepresidente 1º da Xunta, Alfonso Rueda Valenzuela.

01.04.2022 O presidente asistiu á cena benéfica organizada por Rotary Club de Pontevedra, de entrega do XXII PREMIO SERVIR 2021/2022, outorgado á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

07.04.2022 O presidente asistiu ao *Afterwork "La tormenta perfecta: logística y suministros"*, organizado por AEMPE en Pontevedra.



Presentación do libro "Trazado da empregabilidade da Universidade de Vigo en tres períodos. Barómetro desde a visión dos empregadores" xunto coas dúas autoras.



Presentación pública do Catálogo de Servizos do Campus CREA, no marco da colaboración entre o Consello Social e o Vicerreitorado do Campus de Pontevedra. Sede do vicerreitorado. Pontevedra

19.04.2022 O DUVI fotografou ao presidente coas autoras do Barómetro de empregabilidade Gloria Caballero e Mª Jesús López, para unha nova sobre o libro titulado "Trazado da empregabilidade da Universidade de Vigo en tres periodos. Barómetro dende a visión dos empregadores". Logo reuniuse con Alberto Garnil en relación á colaboración co Congreso de Marketing dixital FLUOR do noroeste peninsular, a celebrar en Pontevedra.

28.04.2022 O presidente interveu en Pontevedra na presentación pública do Catálogo de servizos do Campus CREA, no marco da colaboración do Consello Social coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

12.05.2022 O presidente asistiu, na praza Erasmo do Campus de Vigo, a un acto de homenaxe ao profesor Manolo Ramos, no que amosou a *"profunda tristeza e pesar polo pasamento do vicerreitor Manuel Ramos, con quen tanto compartimos estes anos, dende o Consello Social da UVigo queremos expresar a*

gratitude, admiración e respeto que deixa na nosa memoria, polo seu constante exercicio de dispoñibilidade, rigor e tolerancia, e por ter transitado pola vida na parte dos xenerosos", trasmitindo o *"maior agarimo e as nosas máis sentidas condolencias para a sua familia, amigos e compañeiros"*.

23.05.2022 O presidente asistiu en Pontevedra ao XX Almorzo Foro Empresa Pontevedra, no que o invitado foi o membro do Consello Social e presidente da CEG, Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, co tema *"Incertidumbre y recuperación económica"*.

27.05.2022 Entrega de Galardóns da Unión Profesional de Galicia "Profesionais Colexiados do ano 2020 e 2021. Hostal dos Reis Católicos. Santiago de Compostela.

07.06.2022 O presidente asistiu á entrega dos *"XV Premios Pontevedreses del año"*, no Centro Social Afundación de Pontevedra.

13.06.2022 O presidente asistiu á Xornada *"La Universidad, motor de desarrollo económico y social: Ley Orgánica del Sistema Universitario"*, na sede da Cámara de Comercio de España en Madrid.

14.06.2022 O presidente e o secretario asistiron á presentación do estudo *"El impacto económico y social de las universidades públicas y privadas madrileñas en la región. Análisis en el corto y en el largo plazo"*, na sede da CEOE en Madrid.

20.06.2022 O presidente e o secretario asistiron á toma de posesión do reitor da Universidade de Vigo, no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.



Toma de posesión do reitor da UVigo, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Campus de Vigo



O Reitor, entre o presidente da Xunta e o presidente do CS, co equipo de goberno completo.



Imaxe dos asistentes ao acto. Nas primeiras filas, os novos vicerreitores e vicerreitoras.



Ernesto Pedrosa asistiu como ponente dos Diálogos organizados pola CS da UPN.

7/8.07.2022 Curso "Fondos Next Generation EU para a recuperación europea e medidas para a detección do fraude ligadas á súa recepción: unha obriga para as universidades públicas". Organiza a CCSU. Maspalomas (Gran Canaria).

13.07.2022 O presidente participou no acto de entrega dos I Premios Alumni-UVigo, na praza Miralles do Campus de Vigo. Da sua intervención destacan os seguintes fragmentos:

"Si el reconocimiento es un sentimiento para agradecer un bien recibido...

Si la exaltación es un acto de alabanza hacia una persona o hecho de gran valor y honor...

Este es un acto de reconocimiento y exaltación al máximo nivel posible.

Y si la generosidad es lo que nos impulsa a dar sin recibir nada a cambio...

...Entonces este no se puede definir como un acto generoso. Porque todos, absolutamente todos los aquí reunidos han aportado en algún momento a la causa que nos convoca.

...Y si lo esplendido es lo que destaca por sus cualidades extraordinarias.

...Y si la justicia es dar a cada uno lo que le corresponde...

Este sí es un acto espléndido ***y un acto profundamente justo****...*

...Es la universidad en su más alta expresión.

Solidaria. Sensible. Lúcida*... Donde la generosidad la forjan y reside en quienes le entregan su tiempo y sus ideas a la universidad, movidos por ese material tan resistente como* imperceptible que es el afecto"...

...."El Consello Social, al que represento, encuentra hoy aquí un sentimiento vertical hacia sus objetivos y sus afanes. Una ocasión excepcional con la que se identifica como quizá nunca antes lo

haya hecho, en sus ya más de tres décadas de existencia.

Hemos pasado muchos años cimentando y soñando este acto. Le hemos entregado un compromiso inequívoco, constante y hasta obstinado por momentos. El camino no lo hemos hecho solos, ha habido aportaciones imprescindibles, valiosas e impagables"...

..."No oculto que guardo nombres determinados en mi memoria, sin los que no habríamos empezado, sin los que no habríamos sido capaces, y sin los que no estaríamos hoy aquí. Pero el destino y el guión de este acto han querido que pueda citar justificadamente a uno, en el que podré simbolizar el homenaje y el reconocimiento a todos los demás:

*¡¡**José María Franco García**!!!. Con él empezó el CS esta labor de confluencia, un día de 2010. Y hoy, 13 de julio de 2022, la UVigo, su universidad, a la que José María tanto le ha dado, le nombra y le reconoce como Alumni honorífico. El primer Alumni honorífico de la historia"...*



O presidente do CS durante a sua intervención.



O homenaxeado, Jose Mª Franco, e o primeiro Reitor da UVigo, Luis Espada (os dous no centro), con Ernesto Pedrosa e Avelino Muleiro.

..."Es esta una fecha que se mantendrá en la memoria de la universidad y estará entre sus hitos más señalados. Los egresados son el mejor camino para que la universidad crezca en aprecio, en confianza y en valoración social. En relaciones, influencias y afectos. Y entre ellos están también los mejores guías para que la universidad pueda adecuar sus planes y sus ritmos al pulso real de las necesidades y las oportunidades que existen fuera de las aulas.

La Comunidad Alumni es sobre todo una iniciativa fertilizadora, un extraordinario foco de visibilidad y un valiosísimo aval por el reflejo de fructíferas carreras, éxitos profesionales, brillantes curriculums y excelentes trayectorias. La Comunidade Alumni hace marca y crea reputación de la UVigo. Y constituye, en fin, el mayor y

mejor cuerpo diplomático repartido por el mundo que pueda tener una universidad" ...

14.07.2022 O presidente asistiu á cea homenaxe con motivo da entrega do Galardón Galego do ano a Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia e membro do Consello Social da UVigo.

19.07.2022 O presidente asistiu aos actos do 21 aniversario da creación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e á inauguración da súa nova sede, no salón de actos do edificio Fontán da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.



Os reitores das universidades galegas, o conselleiro de Educación (1º pola esquerda), a presidenta do CS da USC, o presidente da Xunta e o presidente do CS da UVigo.

24.07.2022 O presidente asistiu ao acto de entrega das Medallas de Galicia 2022, no Museo Centro Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.

09.09.2022 O presidente asistiu ao acto de apertura oficial do curso académico 2022/2023 do Sistema Universitario de Galicia, no salón Nobre do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela.

15.09.2022 O presidente asistiu ao acto "Conversa para saudar un novo curso: Vigo unha cidade de novela", no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución do Campus de Vigo.



Acto de GMC Management Challenge, en representación da Conferencia de Consejos Sociales das universidades españolas. Hostal dos Reis Católicos. Santiago de Compostela..

28.09.2022 Asemblea Xeral extraordinaria da CCSU. UPM Madrid. Madrid.

05.10.2022 O presidente asistiu ao acto de GMC Management Challenge, en representación da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, en Santiago de Compostela.

14.10.2022 O presidente participou nunha xuntanza co Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e cos outros presidentes dos Consellos Sociais do SUG.

17/18.10.2022 O presidente participou como conferenciante no XXVI Encontro da Federación Alumni-España, organizado por Alumni-UNED, e asistiu á xuntanza do seu Consello Asesor, no salón de actos da Facultade de Educación da UNED en Madrid.

20.10.2022 O presidente asistiu á inauguración das xornadas *"El entorno digital y la cooperación entre administraciones tributarias"*, no Club Financeiro de Vigo.

25/26.10.2022 Xornadas "Diálogos sobre o futuro, talento e desenvolvemento: o Consello Social e a apertura da universidade á contorna". Organiza o Consejo Social da Universidad Pública de Navarra en colaboración coa CCSU. O presidente asiste como ponente. Pamplona.

08.11.2022 O presidente interveu na presentación do estudo sobre Inserción laboral das persoas tituladas pola UVigo en estudos de doutoramento (1995/2020), abarcando dende a creación da UVigo ata a promoción 2019/2020, realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas, na sala Manolo Ramos do Campus de Vigo.



XXVI Encontro da Federación Alumni España organizado por Alumni UNED. Reunión do Consejo Asesor da Federación Alumni España.



Inauguración das Xornadas "A contorna dixital e a cooperación entre administracións tributarias", Club Financiero de Vigo..



Presidente do CS, Reitor e director do estudo, Luis espada, na roda de prensa.

09.11.2022 O presidente asistiu pola maña, no edificio Redeiras, á sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para desenvolver accións de I+D+i, e pola tarde á clausura do I Congreso internacional sobre Xustiza e xénero.



Acto de presentación das Xornadas compartido por entidades académicas e políticas, entre estas o Alcalde de Vigo e o Conselleiro de Educación.



Mesa de intervintes na mesa de apertura das sesións.

14.11.2022 O presidente interveu no acto oficial de apertura da VIII edición das Xornadas sobre tecnoloxías e solucións para a automatización industrial (JAI 2022), celebradas en Vigo do 14 ao 18 de novembro, no salón de actos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

No seu turno, entre outras afirmacións, sinalou que *"Dicen los dueños de esta gigantesca idea que nos reune, que organizan las JAI para responder a una necesidad detectada en las pymes del entorno, para canalizar la transferencia de tecnología especializada, proveniente de las empresas líderes en el mercado, hacia el sector industrial. Dicen también que quieren difundir una visión general sobre las necesidades actuales y futuras de la industria en este ámbito. Y afirman que quieren que se conozcan las soluciones y tendencias más modernas y los avances tecnológicos que alumbran en la automatización industrial.*

Y con estas premisas tan básicas nos generan asombro, orgullo y confianza. Y la UVigo muestra sus enormes posibilidades y su talento, revela su verdadera dimensión y alcanza su máximo nivel de prestación"...

..."Y me satisface especialmente ver en estas Jornadas como se concibe y se fabrica el futuro con automatización, robótica y digitalización. La universidad

también enciende sus poderosas luces en Vigo. En las JAI"....

..."Gracias a quienes tenían anotado en su agenda que el 14 de noviembre de 2022 tenían que estar en esta escuela y en este acto. Gracias sobre todo al encomiable Nacho Armesto y a todo el equipo que sustenta esta colosal tarea. Y enhorabuena a todos los que creemos que el futuro se crea. También en las JAI"...

16.11.2022 Comisión Académica da CCSU. Reitorado da Universidad Politécnica de Madrid. Madrid.

30.11.2022 O presidente interveu no acto de inauguración da "Aula aberta á Tecno-ciencia" da EEME, na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do Campus de Vigo, para destacar que *"hace honor esta Escuela a su nombre, cuando su energía y su capacidad de abrir y remover se trasladan de sus aulas al exterior. Y estos espacios para la tecnociencia tienen la virtud de acercar y transmitir conocimiento, también tienen el poder de incentivar vocaciones y de sembrar el interés y la curiosidad. Pero tienen, sobre todo, el valor de construir atmósferas en las que el conocimiento no se detiene. El mundo es cada vez más un cúmulo de avances veloces a los que conviene no darle nunca la espalda. Tan es así que más que de la sociedad de la información o del conocimiento, se habla de la sociedad del aprendizaje: esta es la habilidad más competitiva del futuro"....*

..."Debemos agradecerle a los responsables su esfuerzo en esta dirección, y también que coloquen a la universidad -a excepción hecha de sus obligaciones- en la más alta de



Acto oficial de inauguración en presencia do Reitor e o presidente do CS.



Inauguración dá "Aula aberta á Tecno-ciencia" da EEME. Escola de Enseñaría de Minas e Enerxía. Vigo.

sus responsabilidades: propiciar la formación plena; alumbrar ideas y valores, generar capacidad crítica y potencia de pensamiento; estimular actitudes activas y empoderar de conocimientos a los ciudadanos para que propicien atmósferas favorables a crear marcos sólidos y futuros dignos. "Que se atrevan a saber", como decía Horacio.

El conocimiento es el mayor y mejor argumento de las universidades para modelar los sistemas de convivencia y corregir o descubrir comportamientos y alternativas; porque toda evolución es fruto del conocimiento, justamente lo que las universidades forjan sin distinción como una gran factoría abierta de esperanzas y soluciones.

Me enorgullece que el Consello Social pueda estar aquí. Porque este acto se sustenta en la indudable autoridad del mundo universitario para construir conocimiento nuevo y experiencias que no se pueden estudiar en las aulas"...

Les felicito y les agradezco que hagan posible estas aulas abiertas donde se puede aprender de la mejor manera, que es haciendo, porque ya dijo Confucio, hace 2.500 años,:

"Me lo contaron y lo olvidé/

Lo ví, y lo entendí/

Lo hice y lo aprendí".

12.12.2022 O presidente reuniuse con Susana Reboreda Morillo, vicerreitora de Extensión Universitaria, no edificio Miralles do Campus de Vigo.

14.12.2022 O presidente asistiu aos actos do XX Aniversario da Fundación CYD e á presentación do Informe CYD 2021/2022, no Auditorio da Casa do Lector en Madrid.

15.12.2022 O presidente asistiu á clausura da Asemblea Xeral da CEP, en Vigo.

19.12.2022 O presidente presenciou o Concerto de Nadal da UVigo, no Teatro Afundación de Vigo.

20.12.2022 O presidente visitou o Campus de Pontevedra. Primeiro mantivo unha xuntanza con Emma Torres-Romay, decana da Facultade de Comunicación, que lle presentou as actividades previstas para o próximo curso. Posteriormente, invitado polo decano Enrique José Varela Álvarez, visitou a Facultade de Dirección e Xestión Pública para dese-

ñar unha axenda conxunta de actividades para o curso 2022/2023, centradas no desenvolvemento de competencias de Alumni e alumnado sénior. Por último asistiu ao Concerto de Nadal que ofreceu a Unidade de Música da Escola Naval Militar, no Auditorio Afundación de Pontevedra.

28.12.2022 Pleno do Consello Social que aprobou o maior orzamento da UVigo na súa historia. Edificio de Ferro. Ourense.



O presidente da CEG e da Comisión Económica da CS, Juan M. Vieites, recibiu o premio Galego de ano, de man de Alfonso Rueda.



O presidente do CS co Reitor durante o Pleno do Consello Social.

PUBLICACIÓNS

RESUMO DAS EDICIÓNS



MEMORIA DO CONSELLO SOCIAL 2021

O título da memoria do Consello Social da Universidade de Vigo do ano 2021 é "Achegar a Universidade á Sociedade a través da comunicación. Os Consellos Sociais ante camiños pouco explorados para cumprir os seus obxectivos". Nas súas 108 páxinas, transluce o concepto das frases que marcan esta publicación. Loxicamente, tamén se detalla a información básica e o día a día da institución nese exercicio.




BARÓMETRO DE EMPREGABILIDADE SOSTIBLE DA UNIVERSIDADE DE VIGO. ESTUDO NOS MESTRADOS PROFESIONALIZANTES

Avance dun estudo sobre unha poboación que comprende o estudantado matriculado durante o curso académico 2021/22 nun mestrado profesionalizante, presentando as conclusións do barómetro de empregabilidade sostible neste ámbito.

O tamaño da mostra é de 202 persoas de 33 mestrados nos que están matriculados 1.556 estudantes. A información foi recollida por medio dun cuestionario que se lle fixo chegar ao conxunto da poboación.

As preguntas realizadas das que derivan as conclusións presentadas atenden a aspectos tales como: a saúde, a fatiga, as competencias, as calidades persoais, a formación, a resiliencia, a capacidade de traballo, o rendimento, o compañeirismo, a motivación, a satisfación, a necesidade de recuperación tras o traballo, o esgotamento mental, o absentismo...



INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO EN ESTUDOS DE DOUTORAMENTO 1995-2020

O traballo realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas co apoio e colaboración do Consello Social da UVigo, é único e pioneiro no Sistema Universitario Español ao abordar a inserción laboral de todas as promocións de persoas tituladas en estudos de doutoramento desde a creación dunha universidade ata unha data recente.

Metodoloxicamente pártese da explotación da base de datos de Persoas Tituladas da UVigo, analizando a inserción laboral de 505 persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento entre os anos 1995 e 2020 e que realizaron estudos en 134 programas oficiais de doutoramento. Analízanse datos socio-demográficos e académicos, situación do mercado de traballo, características do emprego e valoración deses empregos.

INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES EMPRESARIAIS E TITULACIÓNS (2021-2022)




O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo veñen colaborando desde hai anos, entre outras cousas, no estudo e análise das prácticas académicas externas da Universidade de Vigo, ferramenta decisiva na formación integral do estudantado, xa que axuda a que se acheguen á realidade profesional e facilitan a súa relación cos distintos sectores socio-económicos.

Dentro desta colaboración, desde o curso académico 2011/2012, se elabora un informe de prácticas académicas extracurriculares por sectores de actividade. Estes informes tratan e sistematizan a información dispoñible na Fundación Universidade de Vigo como entidade xestora das prácticas académicas extracurriculares. Dito informe organízase en dúas partes:

- *Parte 1. Informe de prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións curso académico 2021/2022.*
- *Parte 2. Histórico de datos de prácticas académicas externas extracurriculares.*


IMPACTO ECONÓMICO DA ACTIVIDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO



Esta publicación do Consello Social parte da necesidade de contar con información actualizada e detallada da implicación da Universidade de Vigo na súa contorna, en Galicia en xeral, poñendo énfase nas economías das provincias onde radican o seus tres campus. Para elaborar dita información contou con Isabel Diéguez Castrillón, Ana Gueimonde Canto e Andrés Mazaira Castro como autores.

O estudo está presentado como un documento de traballo estruturado en catro grandes bloques. Nunha primeira parte recóllese a abordaxe metodolóxica empregada para a cuantificacións dos impactos. No segundo capítulo aplícase a metodoloxía input–output para a análise do impacto económico de curto prazo. A terceira sección supón a aproximación ao impacto de longo prazo e finalmente, nun cuarto capítulo, preséntanse as principais conclusións.

CIUDADES EDUCADORAS Y CREATIVAS



A experta Laura López Atrio expón nesta publicación o conxunto de programas, iniciativas e decisión que se deben de aplicar dende o goberno dunha cidade para posibilitar o máximo desenvolvemento do ámbito educativo. As súas reflexiones constituen una guía práctica para crear ciudades educadoras, máis alá dos centros escolares e os campus universitarios. Propón para conseguilo que se aplique o modelo de autorresponsabilidade política, un proceso que require planificación e sensibilidade dos membros dos gobernos locais, e que ten como guía o modelo implantado na Asociación estatal e internacional de ciudades educadoras.

REVISTA DE PRENSA

SELECCIÓN DE NOTICIAS PUBLICADAS



PONTEVEDRA

FARO DE VIGO

Las nuevas tendencias digitales, a análisis en el Congreso de Marketing Digital Flúor

Más de 300 profesionales participan en el evento ▸ El metaverso, los criptomonedas o la sostenibilidad en la publicidad, entre los temas que examinan 22 expertos de agencias

La UVigo celebra con el canal Tuits de Flúor y habrá exvaentros de alumnos y directivos

La tienda 'online': las mismas claves de éxito que una física

Congreso de Marketing Digital Flúor.

Faro de Vigo, 10 de xuño de 2022.



PonteVedra

A relación entre o mundo empresarial e o académico, unha "oportunidade de progreso"

Entrevista de Ernesto Pedrosa para o media dixital PontevedraViva.com

PontevedraViva.com, 1 de maio de 2022.



VIGO

UNIVERSIDAD

La Universidad encarga un oceanográfico de 20 metros

Se trata de un barco de última generación, de propulsión híbrida enchufable y que costará 1,5 millones de euros

Futuros ingenieros critican el 'estancamiento' de la industria en Vigo

VIGO ACOGE EL CONGRESO DE LA ASOCIACIÓN QUE REPRESENTA A TODOS LOS ALUMNOS DE INDUSTRIALES DE ESPAÑA

O presidente do Consello Social participa na presentación do Plan estratéxico da UVigo.

Atlántico Diario, 3 de novembro de 2022.



VIGO

Cobra vida el belén 'cambiante' del Hogar San Rafael

Este Nacimiento, que cada año es diferente, está hecho a mano por los usuarios de los talleres del Área Ocupacional

EL BELÉN ESTARÁ ABIERTO HASTA EL 6 DE ENERO Y SE PUEDE VISITAR DE 9 A 13.30 Y DE 17 A 20 HORAS EN EL HOGAR SAN RAFAEL

La UVigo abre su primer espacio para la divulgación tecnocientífica

La Concatedral inaugura un ciclo de conciertos

Inauguración da renovada Aula Aberta á Tecnociencia na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Atlántico Diario. 1 de decembro de 2022.



L4 • VIGO • Sábado 5 de marzo del 2022 • La Voz de Galicia

El Laxeiro de lo popular y grotesco

El año dedicado al pintor empieza en Vigo con una muestra de obras inéditas, localizadas después del año 2009

Marea urge la reapertura de Vigoenérgica

Un guardia civil fuera de servicio coge a un ladrón

El Boeiro, buque solar de la Universidad, podría estrenarse en Mónaco en julio

El Concello autoriza un supermercado y un párking de 4.000 metros cerca de Pereiró

A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo presenta o seu proxecto.

La Voz de Galicia, 5 de marzo de 2022.



FARO DE VIGO

VIGO • 5

El paro entre los doctores de la UVigo es mínimo y crece el éxodo hacia otros países

El Observatorio de Personas Tituladas elabora un informe pionero en España sobre la inserción laboral de las personas que acabaron estudios de tercer ciclo entre 1995 y 2020

La tasa de empleo supera a la de quienes hacen grados y másteres

Económicos acoge una jornada sobre la igualdad de género en la empresa

Torres opta a la reelección en Ciencias Jurídicas

O presidente do Consello Social participa na presentación do informe do Observatorio.

Faro de Vigo, 9 de novembro de 2022.



8 — EL CORREO GALLEGO — MARTES 20 DE SEPTIEMBRE 2022

P1 INICIO DEL CURSO ACADÉMICO EN EL SISTEMA UNIVERSITARIO GALLEGO

Este viernes tuvo lugar el tradicional acto inaugural del curso académico en el sistema universitario de Galicia. La comitiva de profesorado togado realizó a pie el recorrido que separa a los colegios de San Xerome y Fonseca atravesando la Rúa do Franco.

INAUGURACIÓN DEL CURSO ACADÉMICO | El Pazo de Fonseca acogió ayer un evento into entre autoridades y catedráticos. Foto: Antonio Hernández

La universidad pública gallega, un 'ascensor' hacia la mayor igualdad social

El curso 2022-2023 arranca con la llegada de nuevas titulaciones y con una notable preocupación por la situación de crisis económica // El rector de la USC pide una reunión sobre financiación mientras Rueda llama a apuntalar el sistema

Ernesta Pedrosa participa na presentación do novo curso académico.

El Correo Gallego, 10 de setembro de 2022.



ATLÁNTICO

VIGO — UNIVERSIDAD

La UVigo recibe 6,4 millones de la Xunta para investigar

Las tres universidades gallegas firman una aportación extra en un acto desarrollado en el edificio institucional del Berbés

Ernesto Pedrosa, participa na firma dunha aportación extra da Xunta de Galicia.

Atlántico Diario, 10 de novembro de 2022.



12 • VIGO — FARO DE VIGO

Alumnos de la UVigo compiten con otros 11 equipos por el apoyo de la ESA a su misión espacial

Siete miembros de SpaceLab reciben formación en ESTEC (Países Bajos) para mejorar la misión BIXO, que ya cerró su lanzamiento

El 10% de universitarios quiere emprender cuando acabe sus estudios

La Policía se moviliza tras el hallazgo de dos cadáveres en distintos puntos de Vigo

El presidente de Radio Vigo, Eugenio González de Haz, recibe la máxima distinción de la ciudad

Usuarios denuncian a una mujer del albergue al prender fuego en el alcohol con el que se curaba una herida

El TSXG rebaja la condena a dos empresarios por vender una sustancia cancerígena usada para adherir drogas

Os alumnos da UVigo compiten polo apoio da ESA.

Faro de Vigo, 12 de novembro de 2022.



El campus mitiga con becas de hasta mil euros los problemas de transporte de alumnos del rural

La ayuda, exclusiva para estudiantes ourensanos, se estrenó este curso con más de 160 demandantes, de los que 27 lograron cuantías que suman 25.000 euros ▸ El 42% de los matriculados residen en la provincia

"He llegado a pagar 25 euros por venir en tren desde A Ruá"



Vuelven los conciertos al Puerto con el Xacobeo

El IIEV inaugura paseos divulgativos por la Ría

Estreno de la cartelería gigante por el regreso de Castrelos

Marcos Calveiro, novo directivo de Galaxia



La UVigo impulsa y premia la excelencia de su comunidad de antiguos alumnos

El Concello cooperará con la Universidad en el traslado de actividades a la ETEA

Homenaje a Alfonso Zalueta y M.ª Teresa Fernández



La industria del futuro se exhibe en el campus de Vigo

Más de 100 empresas y 2.000 asistentes tanto presencial como virtualmente se dan cita en las jornadas de automatización, que ayer celebraron sus primeras conferencias

Cuatro días más repletos de conferencias y mesas redondas



Las JAI tienden puentes entre la innovación tecnológica y el talento universitario

La octava edición de las Jornadas de Automatización Industrial reúne hasta el viernes a 2.000 asistentes y a empresas punteras en robotización, inteligencia artificial o ciberseguridad

"Es fundamental tejer sinergias entre la educación y las empresas"

Robots que detectan fallos en los motores

Aproximación a la "vida real"



Atlántico

El nuevo dueño del hotel Bahía cambiará la fachada para aumentar su categoría

Santiago Ferreiro, propietario del Riazor, el Compostela y el Gelmírez, proyecta una transformación radical del emblemático hotel, que prevé también en lo alto del edificio de 17 plantas una cafetería acristalada y el mirador Skyline Vigo, con ascensores independientes para que viajeseros y turistas disfruten de las mejores vistas a la Ría

La industria del futuro, en el campus de Vigo

Más de 100 empresas y 2.000 asistentes se dan cita en las Jornadas de Automatización Industrial, que exhiben las últimas novedades, desde robots a coches de carreras durante cinco días

Novas axudas en forma de Becas para os estudantes ourensáns.

Faro de Vigo, 14 de febreiro de 2022.

O Instituto de Estudos Vigueses (IIEV) presenta saídas guiadas en barco pola Ría.

Atlántico Diario, 14 de xuño de 2022.

Ernesto Pedrosa, participa na entrega de Premios Alumni UVigo.

Faro de Vigo, 14 de xullo de 2022.

Inauguración das JAI no Campus de Vigo.

Atlántico Diario, 15 de novembro de 2022.

Ernesto Pedrosa nas JAI no Campus de Vigo.

Faro de Vigo, 15 de novembro de 2022.

A industria do futuro no Campus de Vigo (JAI).

Atlántico Diario, 15 de novembro de 2022.



FARO DE VIGO

Armadoras hacen acopio de gasóleo ante el temor del fin de la ayuda

Más de 14.000 jóvenes gallegos piden ayuda al alquiler pero hasta ahora solo la cobran 330

El futuro es ahora

El nuevo dueño del hotel Bahía acometerá la gran reforma de su fachada

Comunidades de vecinos llevan al mínimo el uso de la calefacción y subirán las cuotas

La nueva señal que indigna a los mayores: "Una imagen intolerable"

O presidente Ernesto Pedrosa na inauguración das JAI no Campus de Vigo.

Faro de Vigo, 15 de novembro de 2022.



DIARIO DE PONTEVEDRA

Premios, jornadas, encuentros y talleres para potenciar el Campus Crea

El PP recurre a Gómez para que alce el pacto de PSOE y BNG a cuenta de Ucrania

El PSOE reclama pediatra y más personal sanitario para el barrio de Monte Porreiro

Ernesto Pedrosa e Jorge Soto na presentación do Campus Crea.

Diario de Pontevedra, 18 de marzo de 2022.



ATLÁNTICO DIARIO

VIGO

El 43% de los titulados de la UVigo todavía teletrabajan

Pontón propone duplicar el gasto en I+D hasta el 2% del PIB

Expedición a la Antártida sobre el impacto ambiental con presencia de la UVigo

Presentación do Estudo do Observatorio coa colaboración do Consello Social da UVigo.

Atlántico Diario, 19 de xaneiro de 2022.



2 GRAN VIGO

Reigosa aspira a ganar proyección internacional en su segundo mandato

El nuevo equipo de gobierno buscará alumnos en el ámbito hispano y lusófono y afrontará el reto de las jubilaciones masivas

Alfonso Rueda pone a la institución como ejemplo de "excelencia y generación de talento"

Representación de la política, la cultura y la sociedad gallegas

Ernesto Pedrosa participa na toma de posesión do rector da UVigo.

Faro de Vigo, 21 de xuño de 2022.



26 • SOCIEDAD • Jueves, 22 de septiembre del 2022 • La Voz de Galicia

Un cohete chino lanzará al espacio el quinto nanosatélite de la Universidad de Vigo

La consagración de Dabiz el travieso

La falta de sueño crónica deriva en trastornos inflamatorios y cardíacos

El Consello Ferará en total 30 vuelos entre los meses de junio y octubre

A Universidade de Vigo lanza o seu quinto nanosatélite.

La Voz de Galicia, 22 de setembro de 2022.



VIGO

UNIVERSIDAD

Cuentos infantiles a través del tiempo y los países

Guillermo Fernández y Santiago Janeiro, durante su intervención en la final de la liga. (EDU STEMen Madrid)

Ingenieros de la retórica

Los estudiantes de la UVigo Guillermo Fernández y Santiago Janeiro ganaron el primer premio de la liga de debate LEDU STEM imponiéndose a otras 18 universidades

"CUANDO TE DOCUMENTAS Y ENCUENTRAS EVIDENCIAS, TE DAS CUENTA DE QUE NO TODO ES BLANCO O NEGRO", ASEGURA GUILLERMO

Una pequeña gran asociación de debate

Partida doble. Los dos estudiantes que componen la Asociación Retórica.

Minuto de silencio por el fallecido en Ourense

Estudantes da Uvigo gañan o primeiro premio da liga de debate LEDU STEM.

Atlántico Diario, 23 de maio de 2022.



PONTEVEDRA CIUDAD

CIUDAD PONTEVEDRA

«El futuro no se prevé, se prepara»

▸ Edugal abre sus puertas batiendo récords de participación con 65 expositores y las nuevas tecnologías como protagonistas

▸ El consejero de Educación destaca el 100% de empleabilidad en FP dual y Aempe reclama estabilidad en las leyes educativas

La UVigo despliega su escaparate: de las gafas de VR a tarántulas disecadas

▸ La institución juega en casa con 19 centros de los tres campus y actividades como el monográfico de la UVigo Motorsport o las maquetas de los nanosatélites

El consejero de Educación, Román Rodríguez, en el encuentro de la Asociación Retórica. (EDU STEM en Madrid)

Nota triga

Erenesto Pedrosa asiste a EDUGAL.

Diario de Pontevedra, 27 de outubro de 2022.



Foto de los premiados junto a la vicepresidenta de gobierno y el presidente del Consello Social.

Siete universidades compiten en el primer torneo nacional de debate en Galicia

El campeonato, organizado por la asociación Retórica y la UVigo, está avalado por la Liga española (LEDU) y enfrentará a 40 estudiantes en torno a la transición energética en la UE

La gran final, el domingo en "Peritas"

Marta Fernández-Tapias, Santiago Janeiro y Natalia Caparrini, ayer, en Redeira. / R. Grobas

Presentación do Torneo Nacional de Debate en Galicia.

Faro de Vigo, 24 de novembro de 2022.

Homenaje al talento forjado en las aulas

▸ La UVigo entrega sus premios extraordinarios a un centenar de alumnos que acabaron sus carreras y doctorados ▸ Reginal: "Salen llenos de ilusión y esperas que cambiando las tendencias y siendo ciudadanos con dignidad y libertad"

Foto de los premiados junto a la vicepresidenta de gobierno y el presidente del Consello Social.

"A xente pensa que só se traballa en ciencias, hai que reivindicar as humanidades"

"Es una ilusión que te premien y una motivación. Nuestra abuela hoy estaría orgullosa"

"Estou moi contenta. O meu traballo fin de grao sobre os ventres de alugamento foi serial"

Entrega de premios extraordinarios da UVigo coa presenza de Ernesto Pedrosa.

Faro de Vigo, 29 de enero de 2023.



El campus impulsa el I+D+i alimentario con 17 líneas de investigación en el nuevo Instituto de Agroecología

El Consello Social, reunido ayer en Ourense, culmina la aprobación universitaria del nuevo centro tras el aval previo del claustro y el Consello de Gobierno ▸ Junto al Instituto de Física y Aeroespacial, potenciará el campus, destaca el rector

Un presupuesto récord para la UVigo: casi 228 millones de euros

Foto de grupo, antes de la reunión de ayer en Ourense del Consello Social de la UVigo.

Los asistentes al pleno del Consello Social, en los edificios previos al inicio de la reunión.

Reunión do Consello Social da UVigo en Ourense.

Faro de Vigo, 29 de decembro de 2022.



OURENSE

La UVigo tendrá un presupuesto "récord" en 2023

El Consello Social dio luz verde en el Campus a un instituto que reforzará la investigación alimentaria

EL RECTOR SEÑALÓ QUE ES "UNA NECESIDADE" QUE SE AVANCE EN EL DESARROLLO URBANÍSTICO DEL CAMPUS DE OURENSE

Foto de familia del Consello Social de la UVigo, ayer en el Campus.

El Inorde dona 6.000 kilos de patatas de A Limia

OPOSICIONES CONVOCADAS
90 PLAZAS ACCESO LIBRE



La Región

La Xunta pide a Jácome que insista con el proyecto del geriátrico de O Pino

La Consellería reclama por carta que el asunto vuelva a debatirse en un pleno

La Diputación decidirá antes de junio a dónde llevará sus oficinas para hacer sitio al balneario

Aceites Abril da los primeros pasos urbanísticos para ampliar su sede

La Voz de Galicia · Jueves, 3 de febrero del 2022



DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL

FARO DE VIGO

Sanidad cree doblegada la sexta ola, que contagió a 223.000 gallegos

228 personas fallecieron en Galicia en esta oleada | El Gobierno utiliza un decreto de una paga a jubilados para colar la prórroga de la mascarilla en exteriores

La última hornada de la excelencia

Un centenar de alumnos de la UVigo reciben su reconocimiento como mejores grados o doctorados

Casi la mitad de las nuevas empresas gallegas no sobrevive al primer año

El emprendimiento agrava su frenazo en la comunidad: desde 2009 desaparecen más negocios de los que se crean

Faro de Vigo

Reunión da Consello Social no Campus de Ourense.

La Región, 29 de decembro de 2022.

Informe favorable para o máster de Inxeñaría Aeronaútica.

La Voz de Galicia, 3 de febrero de 2022.


Ernesto Pedrosa no acto de recoñecemento os alumnos como mellores grados ou doutorados.

Faro de Vigo, 29 de xaneiro de 2022.

A WEB DO CONSELLO EN 2022



Comeza un ano máis con máscaras tapando caras. 2022 arranca con un dos últimos gromos importantes da pandemia, aínda que xa nada ten que ver cos tempos anteriores. Xa estamos nas rúas, nos traballos e nas aulas e as universidades téñense preparado para formar e informar por medio de internet. A nosa web volve á estabilidade e ás cifras pre-COVID.




1. Sesións de acceso á web.
Manténse o nivel normal de visitas e interaccións, destacando especialmente a subida no mes de xullo, que comentamos máis abaixo.

Na gráfica 1 podemos apreciar que temos un nivel de accesos sostido entre 1000 e 1200 visitas ao mes, baixando algo nas vacacións de agosto e chegando case ás 3000 sesións no mes de xullo, algo moi especial para esas datas do verán. Mergullándonos nos datos sobre o máis visitado, atopamos que un texto no que Ernesto Pedrosa –presidente do Consello Social– gaba a figura de Manolo Ramos, mais varias informacións sobre a presentación da Comunidade Alumni e o seu primeiro premio son as responsables do curioso pico.


Como curiosidade, comentar que Vigo é a cidade desde onde se xeran máis visitas —perto da cuarta parte— e que en Santiago de Compostela hai algo máis de visitantes que en Ourense ou Pontevedra; e que desde fóra de Galicia, a maioría das visitas proveñen de Madrid, Berlín, Barcelona e Sevilla. Neste repaso á web, constatamos outra tendencia, a das entradas nas páxinas da institución desde os teléfonos móbiles, reducíndose cada ano a porcentaxe de quen accede desde un computador e case desaparecendo as visitas desde as tabletas.

Outro dato relevante é que temos un 40% das visitas que son habituais (gráfica 3). É unha información que ten que ver coa consolidación dun determinado número de persoas que de xeito continuado están inte-



2. Dispositivos de orixe nas visitas á web do Consello.

Respecto ao ano 2021 crece lixeiramente o número de visitas desde os móbiles (gañan algo máis dun 1%), reducíndose as que se producen desde os computadores. É unha tendencia que se vén producindo dun xeito sostido. O mesmo sucede no caso das visitas desde tabletas que continuan tendo unha porcentaxe irrelevante.



3. Consolidación das visitas habituais.

Crece o número de visitas habituais , case un 40%, fronte ás novas visitas, recurrencia que apunta na dirección de consolidar unha comunidade de persoas interesadas nas actividades do Consello.

resadas na actividade e nas resolucións e acordos do Consello Social.

Mais tamén debemos recordar a aposta que estivemos a facer para lle dar á web do Consello un papel de ferramenta de traballo e de repositorio das actas e documentación preparatoria das diferentes Comisións e do Pleno. É un labor que culminamos o ano pasado, 2021, implementando cambios nos protocolos de transferencia da información e creando novas funcionalidades na páxina corporativa.



4. Zona de traballo da web do Consello.


A zona privada de "Documentos" é un repositorio fundamental para a preparación de cada unha das tres Comisións ou do propio Pleno. Un sistema de permisos amosan ou ocultan a información de interese para cada membro do Consello en base á súa pertenza a segundo que órgano de goberno.

PARA INFORMARMOS MÁIS E SERMOS MÁIS TRANSPARENTES, A WEB



Apartado de Transparencia e Responsabilidade Social.

Seguimos alimentando este espazo da web. Fumos actualizando as Memorias de Responsabilidade Social, documentos e Boletíns sobre a mesma, contas e informes de supervisión e control e o conxunto de actas de todas as comisións e do pleno. Imos no camiño de achegarnos á máxima valoración nos rankings de transparencia.



Estudo sobre o "Impacto económico da Universidade de Vigo"·

A finais de setembro publicamos –en exclusiva na nosa web– este estudo que promoveu e editou o Consello Social despois de valorar a necesidade de contar con información actualizada e detallada da implicación da Universidade de Vigo na súa contorna e en Galicia en xeral, mais poñendo énfase nas economías das provincias onde radican os tres campus. O Consello entendeu que, como institución de servizo público que é, está na obriga de render contas á sociedade.

ESTUDO NOS MESTRADOS PROFESIONALIZANTES

BARÓMETRO DE EMPREGABILIDADE SOSTIBLE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Traballo elaborado polas profesoras Gloria Caballero e Mª Jesús López Miguens)

As principais conclusións resumen os factores que conforman a empregabilidade sostible dos estudantes dos mestrados profesionalizantes da Universidade de Vigo.

Antes de presentalas detállase o obxectivo do estudo, a metodoloxía utilizada, e as características da mostra de estudantes.

1. Obxectivo

O propósito do estudo é analizar a empregabilidade sostible dos estudantes dos mestrados profesionalizantes da Universidade de Vigo.

2. Metodoloxía

Coa finalidade anterior, realizouse un estudo de acordo ás seguintes especificacións:

2.1 A poboación

A poboación obxecto de análise está formada polos estudantes matriculados durante o curso académico 2021/22 nun mestrado profesionalizante dos que ofrece a Universidade de Vigo en calquera dos tres campus. En total ofrécense 33 mestrados nos que están matriculados 1.556 estudantes.



As autoras do barómetro con Ernesto Pedrosa nas escalerais do Consello Social.

2.2 O procedemento de mostraxe

A selección da mostra realizouse a través dun procedemento aleatorio estratificado considerando dúas variables de estratificación. A primeira confórmase polas ramas de ensino -Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura e, Ciencias da Saúde-. Esta última rama non ten representación na mostra ao non existir oferta de ningún mestrado profesionalizante por parte da Universidade de Vigo. A segunda variable considerada é o campus -Vigo, Ourense e Pontevedra-. Deste xeito, a mostra aproxímase á estrutura da poboación.

Adicionalmente, procurouse obter respostas de todas as titulacións de todos os mestrados profesionalizantes da Universidade de Vigo.

2.3 O tamaño da mostra

O tamaño da mostra ascende a 202 estudantes.

2.4 O erro de mostraxe

O erro de mostraxe sitúase no 6% considerando o tamaño da mostra (para un nivel de confianza do 95% e baixo as condicións de p=q=0,5).

2.5 A técnica de recollida de información

A recollida de información tivo lugar a través dun cuestionario estruturado ao que os estudantes podían acceder a través dunha ligazón electrónica ou dun código QR. Esta ligazón foi distribuído por medios electrónicos aos estudantes coa colaboración dos coordinadores de cada un dos mestrados.

2.6 O traballo de campo

O traballo de campo tivo lugar entre o 3 de xuño e o 20 de setembro de 2022, condicionando o seu inicio á finalización do período de prácticas na maioría dos mestrados.

2.7 A análise estatística

Os datos recolleitos foron analizados co fin de coñecer, por unha banda, o perfil da mostra e as características da empresa sobre a que o estudante vai avaliar a súa experiencia profesional. E, por outra banda, a percepción dos estudantes respecto dos factores que propician o seu empregabilidade sostible.

3. A mostra

Para a descrición da mostra analízanse as características do mestrado profesionalizante, as características persoais do estudante e as da empresa na que teñen experiencia.

3.1 Características do mestrado

En canto á titulación de mestrado, os máis representados na mostra son os de Profesorado en ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas dos campus de Ourense (12,38%) e de Vigo (8,42%), de Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa (6,93%), de Profesorado en ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas do campus de Pontevedra e de Comercio Internacional (ambos con 6,44%) e de Prevención de Riscos Laborais (5,94%).

En relación ao campus no que se imparte o mestrado, o 64,85% dos estudantes atópanse adscritos ao campus de Vigo, o 22,28% ao de Ourense e o 12,87% ao de Pontevedra. Estas porcentaxes de representación aproxímanse á poboación de estudantes matriculados en cada titulación de mestrado.

Segundo a rama de ensino da titulación, o 68,81% dos estudantes da mostra están a estudar un mestrado de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 20,30% de Enxeñaría e Arquitectura, o 6,44% de Ciencias e o 4,45% de Artes e Humanidades. Tamén neste caso a estrutura da mostra aseméllase á dos estudantes matriculados en cada rama.

Por último, e en relación ás prácticas que ofrece o mestrado, a maioría foi contratado pola empresa ao finalizar o período de prácticas (o 88,61%) fronte ao 11,39% que asegura que non conseguiu o traballo nese momento.

3.2 Características do estudante

Segundo o xénero, o 59,90% dos estudantes da mostra son mulleres e o 40,10% son homes.

De acordo á idade, a maioría non alcanzan os 31 anos (o 57,42%), o 15,35% sitúanse entre 31 e 35 anos, e o resto (o 27,23%) supera os 35 anos.

Unha análise da situación laboral actual dos estudantes pon de manifesto que o 23,76% dedícanse dun modo exclusivo aos seus estudos de mestrado mentres que o resto compatibilízaos cun traballo.

En canto á experiencia profesional, manifestan que a teñen o 28,20% dos estudantes mentres que o resto non ten experiencia máis aló da realización das prácticas no mestrado.

3.3 Características da empresa


O principal sector de actividade no que se enmarcan as empresas nas que teñen experiencia os estudantes é o terciario (o 55,44%), seguido do secundario (o 32,18%) e do primario (o 12,38%).

Segundo o tipo de traballo que realizan, o 90,59% aseguran que é mental fronte ao 9,41% que manifesta que realiza un traballo físico.

4 A empregabilidade sostible

Neste apartado analízase a percepción dos estudantes respecto da súa empregabilidade sostible considerando os factores que a condicionan.

Así, a empregabilidade sostible confórmase a través de tres grandes bloques: a empregabilidade tradicional, as características dos individuos e a relación co traballo. Cada un destes bloques componse de variables que se miden a través dun conxunto de afirmacións, dada a súa complexidade conceptual.



Os estudantes valoran a empregabilidade sostible cunha puntuación xeral media de 3,99 sobre 5 puntos.

Os que máis a valoran son os de Enxeñaría e Arquitectura (4,09 puntos), seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,98 puntos). Os que menos a puntúan son os de Artes e Humanidades (3,87 puntos).

A análise en detalle mostra que os estudantes consideran que as condicións que máis pensan que van ter ata a idade de xubilación, de media, son a de posuír coñecementos e habilidades e a de seguir realizando ben o traballo actual que posúen ata ese momento (ambas con 4,27 puntos). Séguelle que consideran que se manterán fisicamente ben ata a xubilación (4,18 puntos) e que estarán motivados no traballo ata ese momento (3,69 puntos). Por último, ofrecen unha menor puntuación ao valorar o interese por seguir traballando ata a idade da xubilación (3,61 puntos).

De acordo co xénero, a empregabilidade sostible mostra unha valoración media superior nos homes (4,04 fronte a 3,96).

4.1 A empregabilidade tradicional

A empregabilidade enténdese, baixo unha perspectiva tradicional, como a percepción dun individuo respecto da súa capacidade para conseguir un traballo adecuado, conservalo e cambiar a outro se non estivese satisfeito.

A percepción da súa empregabilidade é valorada polos estudantes cunha puntuación media de 3,41 sobre 5 puntos.

En particular, os que mostran unha valoración media máis alta son os de Enxeñaría e Arquitectura (3,89 puntos), seguidos dos de Ciencias (3,63 puntos) e os de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,32 puntos). Pola contra, os que menos a valoran son os de Artes e Humanidades (2,19 puntos).

A análise das afirmacións sobre empregabilidade mostra que a que máis valoran os estudantes é a seguridade que teñen en atopar traballo facilmente se empezan a buscar (3,53 puntos) e o convencemento de poder manter un traballo (3,51 puntos). Séguelle a posibilidade de atopar un traballo de inmediato de igual valor ao que teñen en caso de quedar sen aquel (3,32 puntos). E, por último, a menos valorada é a posibilidade de atopar un traballo de inmediato de igual valor en caso de non estar contentos co que posúan (3,25 puntos).

De acordo co xénero, unha análise da empregabilidade percibida polos estudantes mostra unha valoración xeral media maior nos homes (3,43 fronte a 3,39).

4.2 As características persoais dos estudantes

As principais características dos individuos xeradoras de empregabilidade sostible son as seguintes: a saúde xeral do individuo, o grao de fatiga que ten, as competencias, as calidades persoais, o nivel de formación e o nivel de resiliencia.

A saúde

Os estudantes valoran de media o seu estado de saúde xeral en 4,43 puntos sobre 5. Os estudantes das ramas de Ciencias e de Ciencias Sociais e Xurídicas son os que ofrecen as maiores puntuacións e por encima da media (4,85 e 4,50 puntos, respectivamente). Mentres, os de Artes e Humanidades son os que peor saúde consideran que teñen (3,67 puntos).

Se se analiza a saúde dos estudantes segundo o xénero aprécianse diferenzas ao considerar os homes que teñen mellor saúde (4,52, fronte a 4,37 puntos).

A fatiga

Os estudantes sitúan o seu nivel de fatiga de media en 3,34 puntos sobre 5. Só superan esta puntuación media os estudantes da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,42 puntos), valorándoa os estudantes do resto de ramas entre 2,90 puntos os de Artes e Humanidades e 3,22 puntos os de Enxeñaría e Arquitectura.

Unha análise da fatiga máis detallado pon de manifesto que reciben as maiores valoracións, por encima de 3 puntos, as afirmacións sobre o nivel de concentración do estudante (3,96 puntos), se consideran que están en forma (3,84 puntos), se os seus pensamentos divagan con facilidade (3,40 puntos), se se atopan mentalmente esgotados (3,36 puntos) ou se senten cansos (3,15 puntos). Reciben as menores valoracións as cuestións relativas a se se cansan con facilidade (2,93 puntos) ou se fisicamente están esgotados (2,71 puntos).

Por xénero, a fatiga mostra unha maior valoración nas mulleres (3,42 fronte a 3,21 puntos).

As competencias

As competencias son agrupadas en catro: traballo autónomo e con outros, habilidades sociais, adaptación e eficacia no traballo.

Traballo autónomo e con outros

A capacidade do estudante para traballar dun modo autónomo e con terceiras persoas é valorada de media en 4,40 sobre o total de 5 puntos. Son os estudantes de Artes e Humanidades e os de Ciencias Sociais e Xurídicas os que ofrecen as maiores puntuacións (4,51 e 4,46 puntos, respectivamente), sendo os de Enxeñaría e Arquitectura os que menos consideran que teñen esta calidade (4,22 puntos).

En particular, os estudantes consideran que as maiores capacidades que teñen son as de traballar dun modo independente (4,72 puntos) e en equipo (4,65 puntos), redactar informes (4,54 puntos), escribir dun modo claro e metódico (4,51 puntos) ou utilizar os denominadas TICs (4,45 puntos). Pola súa banda, as menores valoracións xorden ao considerar a súa capacidade para expresarse oralmente (4,33 puntos), realizar presentacións (4,25 puntos) ou escribir e falar en idioma estranxeiro (3,79 puntos).

Segundo o xénero, o traballo autónomo e con outros é máis valorado de media polos homes que polas mulleres (4,48 fronte a 4,35 puntos).

As habilidades sociais

